



ACTA DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUCENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 27 DE MAIO DE 2007.

No salón de actos da Casa do Concello de Vedra, sendo as doce horas do día dezaseis de xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ó disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril, 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 37/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998 do 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reúnense, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e sete de maio de 2007, que son os seguintes: D. Odón C. Cobas García; D^a: Lucía González Louro; D. Eloy José Iglesias López; D. José Antonio Sánchez de la Fuente; D^a. Ana Belén Picón Cotos; D. Camilo Pereiras Caramés; D. Carlos Martínez Carrillo; D. Manuel Costa Carneiro; D^a. Margarita Devesa Cardelle; D. Rogelio Lema Mougán; D^a. M^a: Jesús Piñeiro Caldelas; D. José Alvela Edreira e D^a. Xosefina -Rosa Gutiérrez Lema, asistidos polo infrascrito Secretario da Corporación D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, D. Camilo Pereiras Caramés, que pasa a presidila e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, Dona Lucía González Louro, e actuando como Secretario da mesma o propio da Corporación.

Logo de constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comprobar as credencias ou acreditacións da persoa dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos arts. 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do citado Regulamento, pola citada Mesa declárase constituída a corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O.E do día 6) empregrándose a fórmula de

promesa por todos eles , procedendo , acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

<u>NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS</u>	<u>LISTA O CANDIDATURA</u>
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA	PSdeG-PSOE
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	PP
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA	TERRA GALEGA

ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, e por acordo dos distintos grupos, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o artigo 102.3 do mencionado Regulamento, para elixilo de entre os candidatos proclamados ó citado cargo, obténdose o seguinte resultado:

<u>NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS</u>	<u>VOTOS OBTIDOS</u>
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA	6
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	5
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA	1

De seguido o Sr. Concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, D.Odón C. Cobas García, integrado na Lista ou Candidatura do PSdeG-PSOE e logo da promesa na forma anteriormente mencionada para o desenvolvemento do seu cargo de Alcalde, toma posesión neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN

A continuación polo Sr. Secretario, dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da nova Corporación, depositados na caixa municipal e en Entidades bancarias, así coma a documentación relativa ó inventario do patrimonio municipal , de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e ós efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, acordándose por unanimidade a aprobación da acta de arqueo e do inventario do patrimonio da Corporación, sendo os resumos os que de seguido se relacionan:

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA

Existencia fondos líquidos do arqueo anterior	-159.487,76	€
Ingresos presupostarios dende o citado arqueo	207.157,54	€
Ingresos non presupostarios dende o citado arqueo	191.087,06	€
SUMA	238.756,84	€
Pagos presupostarios dende o citado arqueo	76.567,76	€
Pagos non presupostarios dende o citado arqueo	210.019,46	€
Existencia Resultante de Fondos Líquidos	-47.830,38	€
Existencia de Valores do Arqueo anterior	171.311,39	€
Ingresos de Valores dende o citado arqueo	0,00	€
Pagos de valores dende o citado arqueo	0,00	€
Existencia Resultante de Valores	171.311,39	€

INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL Ó 16/06/2007

Suma das propiedades e dereitos (Activo)	15.829.652,63	
quince millóns oitocentos vintenove mil seiscentos cincuenta e dous euros e sesenta e tres céntimos		
SUMA DOS PRÉSTAMOS E GRAVAMES (PASIVO)	644.570,86	€
seiscentos corenta e catro mil quinientos setenta euros con oitenta e seis céntimos		
DIFERENCIA (PATRIMONIO NETO MUNICIPAL)	15.185.081,77	€
quince millóns cento oitenta e cinco mil oitenta e un euros con setenta e sete céntimos		

A continuación pola Presidencia dáse turno de intervención.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que non presentou candidatura por ser a lista menos votada e sen posibilidade de acceder á Alcaldía e que tampouco ningunha outra candidatura lle merecía a súa confianza, e que están aquí para representar a todo o pobo de Vedra..

Don José Alvela de Terra Galega felicita á candidatura máis votada e dálle as grazas ós veciños que votaron a Terra Galega, expoñendo que será coherente coas necesidades do concello e que loitarán por elas e polo mellor para os veciños de Vedra.

Pola súa parte o Sr. Martínez Carrillo do PP felicita tamén á lista máis votada e a todos os demais concelleiros, di que se está nunha nova etapa en Vedra e que esperan responder ó que os veciños de Vedra demandan.

O Sr. Alcalde pola súa banda dálle a benvida a todos os concelleiros, en concreto ós novos membros, e di que se está nunha lexislatura importante en moitos aspectos de infraestructuras e demais e dado que non dispón de maioría espera poder pactar con todos puntualmente e non descarta algún pacto a posteriori.

Por último , de orde do Sr. Presidente da Corporación, polo infrascrito Secretario, dáse lectura ó artigo 38 do varias veces citado Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando enterados todos os asistentes do seu contido, co que se deu por rematado o acto, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legais establecidos, levantándose a sesión sendo as doce horas e vinte e cinco minutos estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo o Secretario, de todo o cal certifico.

